

GUÍAS DE VIAXES



Trotamundos son guías que indican aos mochileiros como poder viaxar polo mundo adiante con poucos cartos, ademáis de facer amigos.

CINE



Babel. A. Glez. Iñárruti

Reparto: Brad Pitt, Cate Blanchett, Gael Garcia Bernal.

MÚSICA



Uxía Senlle

Cantos na Maré é un espectáculo que reúne destacadas voces da fala lusófona. Unha mestura de sabores africanos, brasileiros, portugueses e galegos que ten o mar como elemento de unión.

**Utiliza a Biblioteca
Descubre o que che ofrecemos
Colabora con nós.**



Fai chegar as túas opinións á caixa de suxestións da Biblioteca ou a través do correo electrónico.
ies.sanxenxo@edu.xunta.es

...e non esquezas o teu **CADERNO DE VIAXE** para ver o mundo, gardar países, retratar xente, escribir poemas, soñar camiños...

O servizo que o Instituto pon a túa disposición para axudarte nas túas necesidades de formación.


Biblioteca Escolar Ies Sanxenxo

GUÍA LECTURAS BE nº 4 curso 2006 / 2007

LER O MUNDO: Caminante son tus huellas
El camino nada más.
Caminante no hay camino
Se hace camino al andar.

Antonio Machado

BE



Tintín lendo.
Roy Lichtenstein
(Ano Hergé 2007)

LIBROS DE VIAXES



La aventura de viajar.
Javier Reverte

Javier Reverte narra as súas mellores viaxes dende a infancia ata a actualidade; como neno, como turista, como enviado especial, como periodista e escritor... Un libro de recordos e impresións. Polas súas páxinas desfilan os escenarios xeográficos máis variados xunto cunha galería de personaxes de toda condición. É a paisaxe física e humana dunha filosofía da vida que ten a viaxe como centro.

BANDA DESEÑADA



Corto Maltés.
Hugo Pratt.

Brincos nas orellas, patillas poboadas, ollos cor de mel e un sorriso sempre inquedante nos duros beizos. As aventuras de **Corto Maltés** recollen as andanzas deste mariño, algo cínico e sentimental, por continentes e países moi diversos, entroncando a ficción con acontecementos históricos reais e con personaxes literarios coñecidos.

VERÁN DE LIBROS DE CINE DE MÚSICA DE VIAXES

WEB

www.shunya

Viaxe virtual ás antigas civilizacións.


www.strolling.com

Permite recorrer as rúas de París e Londres e pararse fronte aos escaparates dunha tenda de discos, un restaurante...



Ciudades.
Fran Alonso

Ciudades é un tratado de urbanismo poético. As cidades máis queridas e as máis ferintes. As cidades dos mapas, as cidades tantas veces visitadas. As do norte e as do sur. As de papel, as que latexan e as que doen. As cidades sempre ateigadas de xentes, de escolas, de camións, de dromedarios, de nenos pobres, de farolas, de peixes mortos no mar contaminado. As cidades do corazón. Cheirando a vida, a solidariedade, a ruído, a miseria, a tráfico, a esperanza, a morte.



Tintín. Hergé

www.tintin.com

www.tintincat.com

<http://cactuscom.com/tintin/español>

Celébrase o centenario do nacemento de **Hergé: Ano Hergé 2007** en Bruxelas, a súa cidade natal. Haberá exposicións, espectáculos para presentar ao mundo ao debuxante e ao seu personaxe estrela: **Tintín.**